

Recomendacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a comunidade educativa con motivo da emerxencia sanitaria do COVID19

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía transmitímosvos unha serie de recomendacións elaboradas pola Sección de Psicoloxía Educativa, que van dirixidas a toda a comunidade educativa.

PARA O ALUMNADO:

- Sabemos que estrañas o teu grupo de compañeiros, compañeiras e amizades, as súas apertas e os seus bicos. Pensa que [está situación é transitoria](#).
- Son tempos de estar nas [redes sociais](#) para estar conectados pero lembra facer uso responsable. Coidado co que colgues nas redes.
- Colabora nas [tarefas do fogar](#) segundo a túa idade.
- O voso profesorado está tamén conectado, [cumpre coa túa parte académica](#).
- É a vosa hora, sacade a vosa [creatividade e iniciativas](#).

PARA AS FAMILIAS:

- Mantede a calma nas súas conversas e nos seus actos. A [actitude da familia](#) é a que van adoptar os vosos fillos e fillas.
- Transmitídelles que a [responsabilidade](#) é de todos, empezando pola casa.
- Xestiona o tempo da dedicación dos teus fillos ou fillas ás [redes sociais](#).
- [Pensade en positivo](#), tedes que sacar dos vosos fillos e fillas as o mellor que teñen.
- Axúdalles a falar e expresar as súas [emocións, dúbidas, medos, inquietanzas](#).
- [Fóra os bulos](#). Informádevos nas fontes fiables, páxinas webs da Consellería de Sanidade, de Educación e dos correspondentes Ministerios.

PARA O PROFESORADO:

- [Racionalizade o traballo](#) que enviedes ao voso alumnado. Lembra que o alumnado, como toda a comunidade educativa está pasando por unha situación de estrés transitoria.
- Non todo son cuestións académicas, [non esquezades o eido emocional](#) do voso alumnado.

DESDE O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA
DESEXÁMOSVOS A TODA A COMUNIDADE
MOITA AFOUTEZA